Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8 - 2023

CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Universida de Vigo

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Universida de Vigo

CUMIEIRA

Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega

Vol. 8 – 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 8:
Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (Uvigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:
Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 648-2023

ISBN: 978-84-8158-987-0

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice/*Index*

9 Limiar /
Introduction

11 IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ
O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /
The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians

41 SIMON MOLL
Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /
Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician

69 ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA
Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /
Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School

105 LUCÍA SALCEDA GARCÍA
A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /
The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom

121 Recensións / *Reviews*

Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,
por ARANTXA LUNA DÍAZ.

Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares.* Vigo: ANL / Universidade de Vigo,
por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

127 Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /
Cumieira*'s authors*

129 Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

Luna, Aránzazu/Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso. Valadares*, 8. Vigo: Área de Normalización Lingüística/Universidade de Vigo.

Aránzazu Luna e Gonzalo Navaza asinan a oitava entrega da colección Toponimia do Val de Fragoso, dedicada nesta ocasión á parroquia de Valadares. Editado pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, o libro saíu do prelo en xullo do ano pasado e vén a completar as recolleitas anteriores destinadas a recuperar a rica toponimia das parroquias do Concello de Vigo.

A colección iniciouse en 2008 con Coia e tivo continuidade en anos posteriores coas pescudas de Lavadores, Beade, Freixeiro e Sárdoma, Comesaña, Bembrive e Candeán; e está previsto que para este inverno estean rematados os traballos de Matamá e de Cabral. Cada un dos volumes está asinado por diferentes autores, aínda que se repiten algúns nomes, como os de Iván Sestay ou o do propio Gonzalo Navaza.

Neste último lanzamento Luna e Navaza presentan e explican arredor de seiscentos topónimos, rexistrados nos case 13 km2 do territorio de Valadares; isto supón unha densidade de 48 nomes por quilómetro cadrado. Dinnos os autores que é unha densidade relativamente baixa en comparación con algunhas parroquias veciñas —por exemplo, en Candeán hai mapeados máis de 1.700 topónimos—, o que se explica pola maior proporción de monte existente en Valadares, xa que os topónimos das superficies forestais adoitan abranguer áreas máis extensas ca os das terras de labor.

Os topónimos aparecen ordenados por listaxe alfabética e, ademais, tamén se ofrece un agrupamento dos nomes por motivación; isto é, segundo o seu significado. Así, temos dez apartados temáticos: 1) orotopónimos, que inclúen os nomes relativos ao relevo, como os que conteñen o substantivo campo, moi produtivo tanto en Valadares coma no resto da toponimia galega; 2) hidrotopónimos, que designan distintos tipos de augas, tales como os numerosos nomes que comezan con fonte; 3) fitotopónimos, relativos á vexetación, ben representados na parroquia viguesa (Abelal, Abruñeiro...); 4) zootopónimos, baseados en nomes de animais, onde atopamos nomes frecuentes na toponimia galega, como os que tratan dos corvos (Os Corvos, Tras dos Corvos), e outros únicos, como A Moscaveira, referido a un insecto propio do gando; 5) antropotopónimos, que conteñen nomes persoais, especialmente de propietarios (Campos de Bautista); 6) agrotopónimos e sociotopónimos, que designan nomes de lugar relativos á obra humana e ao habitat; destacan os numerosos compostos coa palabra cocho, termo común do léxico agrícola do Val de Fragoso, que se refire a un cultivo de hortalizas de pequenas dimensións (O Cocho do Carregal, O Cochelo...); e 7) haxiotopónimos, relacionados cos cultos e a relixión, como os que comezan por cruceiro (O Cruceiro do Freixo, O Cruceiro de Quinta). A clasificación temática complétase con

estoutros apartados: 8) topónimos viarios, referidos a vías de comunicación, como A Calzada; 9) posición relativa, que se basean na posición do lugar, como os compostos que inclúen de arriba ou de abaixo (Milio de Arriba); e 10) outras motivacións, que poden referirse á forma, á cor ou á antigüidade das realidades que designan, como A Longa, As Mourellas ou Muíño Vello, respectivamente.

Tal e como nos recordan os autores, sempre hai topónimos de orixe escura e dubidosa pero, en todo caso, todos eles eran de significado transparente para os falantes cando empezaron a empregarse.

Cada microtopónimo presenta información da súa orixe etimolóxica, do significado da palabra e da súa presenza nas diferentes fontes documentais, entre as que destacan o Catastro de Ensenada, do que se reproducen fragmentos gráficos. Son tamén frecuentes as referencias ao Nomenclátor de Galicia, que relacionan o microtopónimo rexistrado en Valadares coa incidencia que presenta noutras localidades de Galicia; así mesmo, cada entrada inclúe información sobre a realidade xeográfica que designa; e todo isto, adornado con datos de interese lingüístico, histórico ou antropolóxico.

O volume consta de 283 páxinas, consagradas basicamente á explicación toponímica. A listaxe de topónimos comentada vai introducida por un limiar xustificativo, unha introdución histórica sobre a parroquia de Valadares, que desde a Idade Media ata o XIX constituíu un couto que lle concedeu certa autonomía, e un estudo sobre o propio topónimo de Valadares, que non é exclusivo da parroquia viguesa, pois tamén designa outras entidades de poboación galegas e portuguesas. O rastrexo do nome na documentación escrita detalla tamén o proceso de castelanización que sufriu o topónimo.

Para concluírmos, gustaríanos insistir no interese desta obra xa non só para a veciñanza de Valadares, que pode descubrir a súa microhistoria a través dos nomes dos lugares, senón tamén para todas as persoas que gozan desentrañando os segredos da toponimia, pois neste volume atoparán un manual de consulta que trascende os lindes parroquiais para converterse nunha obra de interese xeral.

O libro está dispoñible para descarga gratuíta na seguinte ligazón: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2022-07/toponimia-valadares.pdf.

HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA
helena.dominguez.garcia@alumnos.uvigo.es

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade Vigo

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8 - 2023

Universidade Vigo